

EXPERTOS” E “POLÍTICOS” EN CONTEXTOS DE RISCO. O CASO DA PANDEMIA COVID-19

(Aparecido en *Tempos Novos*, Xaneiro 21, nº 284)

A pandemia COVID-19 desatou vivas controversias sobre as medidas tomadas polos distintos gobernos, e algúns grupos de científicos chaman a “despolitizar a toma de decisións e deixar o control da pandemia en mans dos expertos”. Nese sentido fíxose público o manifesto firmado por 55 asociacións do ámbito científico sanitario que reclaman o temón do barco. En prestixiosas revistas como Nature, Science ou The Lancet, discútense sobre as medidas empregadas polos gobernos e fábase en termos abertamente políticos, o que non é frecuente.

Sucede que a COVID-19 é unha mostra das dificultades para establecer procedementos, tomar decisións e asignar responsabilidades, que caracterizan aos contextos de risco. Son asuntos estes que non se resolven con fórmulas reducionistas, involucran unha enorme pluralidade de perspectivas e poñen en relación a numerosas áreas de coñecemento que amplían o espectro do que podemos definir como *experto*. Son contextos que están rodeados de incerteza e controversia, pois non se pode garantir nin asegurar o resultado, e que nos obrigan a reformular os protocolos de toma de decisións nunha liña que abre novos ámbitos para entender a política e a súa relación coa ciencia.

Dalgunhas das opinións que se escoitan se desprende, porén, unha moi deficiente concepción do que se entende por ciencia e por política, e do nexo entre ambas. Isto é o que sucede cando o científico di que son eles os que saben e non “os políticos” e que polo tanto estes deben reducirse a facer o que aqueles lles digan. Ou cando os cargos políticos din que eles só fan o que lles din os “científicos” para así dotárense dunha lexitimación fóra de toda polémica, aquela que lle outorgaría o que se supón a Verdade, así con maiúscula. Dunha concepción deste tipo de nexo, a democracia debera ser substituída pola tecnocracia, cada ministerio debera serlle entregado, mediante rigoroso concurso-oposición, a economistas, bioquímicos e agrónomos, enxeñeiros, militares de academia, médicos... segundo se tratase do ministerio de facenda, de agricultura, de obras públicas, de defensa, sanidade, etc. Quedaría a dúbida, con todo, de a quen lle entregar a presidencia. Teríamos, nese caso, que resolver previamente cal é a ciencia das ciencias.

Hai tempo, levado por un enfoque en algo semellante a este, Platón concluía que esa ciencia buscada sería á que versara sobre a Xustiza e o Ben, e que esta era a Filosofía. De onde se deducía que o rei tería que ser o filósofo. Moito máis tarde August Comte, máis acorde cos tempos, diría que esa primeira ciencia a constituiría un novo saber que deu en chamar Socioloxía. Desde hai, pois, moito tempo non deixa de agromar esa idea dun saber científico que governe a pólis. Afortunadamente entre tanto foi abríndose paso a idea ben distinta do xenial discípulo do autor de A República, Aristóteles quen fixo ver que sobre iso que se quere establecer na pólis, o Ben e a Xustiza, non hai ciencia ningunha, sobre iso cabe efectivamente racionalidade pero menos rigorosa, pois ao fin versa sobre algo continxente e que apunta non ao que hai, senón ao que debe haber. Só a capacidade de xuízo, a prudencia, sería o doado neste campo. E chegaría a dicirnos nun capítulo da súa excepcional Política, por sempre recordado na historia do republicanismo, que cando se trata de vulgar na cidade os máis vulgan mellor que un só. Que iso é o que se fai nos órganos de deliberación, como a asemblea (hoxe diríamos parlamento), que iso mesmo é o máis definitorio da política. En fin, por dicilo abreviadamente, que política non é cuestión de ciencia, senón de xuízo práctico ou prudencia, que o máis competente niso é o goberno dos máis, que tal viría ser o que nós hoxe chamamos sen máis democracia.

En efecto, o saber do científico-técnico pode dicirnos como son as cousas, os feitos e pode indicarnos como operar para conseguirmos determinados fins. Pero sobre cuestións de fins, de valores, de intereses, do que é equitativo ou non..., diso que tratamos no goberno da cidade, sobre iso só cabe o ditame dos políticos, isto é, non de ningún profesional especial, como parece querer dicirse cando se acostuma falar de “os políticos” - que hai ata de quen fala da súa “carreira política” - dos cidadáns, con máis ou menos responsabilidades.

Que dúbida cabe que para xulgar do mellor modo e decidir ben é imperioso escoitar o que nos digan os científicos, técnicos e expertos en xeral, pero finalmente non serán eles quen tomen a decisión, senón os cidadáns ou os por eles designados. Non abonda, claro, con saber delimitar, ao menos idealmente, estes campos, cómpre ter moi presente a complexidade enorme nun e noutro. Pensemos que hoxe nos desenvolvemos en sociedades masivas, heteroxéneas e diferenciadas, cunha diversidade de clases e intereses, moitos en conflito, diversidade de culturas e subculturas, de información, etc. Teremos, pois, que dispoñer de institucións que poidan integrar unha ampla diversidade de perspectivas, de acollelas nunha ampla deliberación, capaces de negociar, de obter equilibrios, etc. Do lado da tecno-ciencia, a situación non é mais simple. Non é precisamente un compendio de verdades únicas aceptadas por toda a comunidade científica, como se de xeometría se tratara, en que cada conclusión fose teorema. A ciencia coa que operamos non é esa – e, sen ánimo de complicar as cousas, aquela, a xeometría, tampouco non é tan sinxela. As veces cando tanto políticos como científicos apelan á ciencia parecera que esta fose do carácter inapelable das leis da adición aritmética, que só a risco de loucura un dubidaría ou negaría. Non é esa a situación da ciencia hoxe, non é ese o tipo de saber ao que acudimos. Cando se require unha decisión relativa a algún mal da sociedade, non só non hai unha soa ciencia á que acudir, nin esta é do carácter da xeometría euclidiana (hai outras). Son un conxunto de ciencias e disciplinas, e tamén de técnicas que non nos ofrecen unha resposta única na que toda a comunidade científica estea de acordo. A miúdo ofrecerannos varias, con marxes de probabilidade no seu cumprimento e relativas a situacións non xeneralizables universalmente, e con custes ou sacrificios moi distintos segundo a quen afecte, etc.

Así, nunha crise como esta, xerada polo Sars-CoV-2, necesitamos moi distintos saberes e a intervención de moi diversos técnicos ou expertos. Necesitamos epidemiólogos para comprender a evolución do virus nas distintas poboacións; matemáticos e estatísticos cos seus modelos para describir esa evolución; virólogos que identifican o novo virus, as súas características moleculares, o seu comportamento; inmunólogos que estudan a resposta do noso organismo, as alteracións que o virus induce e as posibles vías para a súa neutralización; microbiólogos e expertos en técnicas de detección; precisamos de expertos en sistemas de saúde para coordinar e organizar a resposta hospitalaria do sistema; médicos de distintas especialidades involucrados nos tratamentos das variadas complicacións que ocasiona o virus, enfermeiros; investigadores do sector farmacéutico á busca de novos tratamentos e vacinas; e ademais xestores que calculan os gastos; expertos en dereito que atendan aos marcos legais posibles de acción; técnicos das administracións locais coñecedoras dos recursos humanos e sanitarios dispoñibles en cada lugar; ao que teremos que engadir expertos doutras áreas implicadas: economistas, sociólogos, educadores, psicólogos... Todos eles achegan unha parte dos saberes e técnicas necesarios para a toma de decisións. Os seus ditames non sempre están de acordo, entran a miúdo en conflito, non se refiren a unha única solución, senón a varias posibles e estas non afectan por un igual, na súa efectividade e nos seus custes e sacrificios que ocasiona, a todos os sectores da poboación. Isto é o que nos poden ofrecer.

E sobre esa base os cidadáns e os seus representantes terán que decidir para que os sacrificios sexan máis equitativos. Todos sabemos que unha simple recomendación técnica como pecharse nas nosas casas por un tempo determinado non supón o mesmo esforzo e custe para todos; como tamén o de pechar locais, ou confinar barriadas, non digamos cando os medios son escasos e hai que decidir a quen atender primeiro. Isto xa non supón decisións soamente técnicas, non digamos científicas, senón relativas a valores como a igualdade, a xustiza, a un modo de entender a vida en común. Son decisións políticas, e, en tanto que se apoian nese amplo abano de saberes e se toman en marcos democráticos de decisión, presumimos a súa racionalidade. É útil hoxe para entender que tipo de saber manexamos cando abordamos cuestións como as relacionadas con esta pandemia a distinción que fan algúns teóricos da ciencia (Jasanoff, Funtowicz) entre ciencia académica ou normal, que traballaría en espazos de consenso, cun corpo de coñecementos ben establecido, se desenvolvería en tempos que permiten dirimir as controversias ou aprazalas, en contextos de incerteza limitada de forma que o risco que esas marxes de incerteza inevitable formulan serían baixos, así como os riscos das súas aplicacións; e outro tipo de ciencia, que soe ser a que opera nos contextos de riscos ambientais e sanitarios, a ciencia reguladora ou post-normal, caracterizada por un corpo máis controvertido de coñecementos, frecuentemente exposto a disensións, cunha actividade de natureza sempre multidisciplinar, sometida a limitacións de tempo para o logro de conclusións, se move con marxes amplas de incerteza que estenden os riscos asumidos ou a gravidade das consecuencias posibles. Bruno Latour denomina simplemente “Investigación” – que distingue do modelo “ciencia”- a este saber que non introduce simplicidade ou orde, senón complexidade, non resolve definitivamente a controversia, senón que a miúdo a alimenta. Non é este un saber que se xera no espazo pulcro do laboratorio, illado da sociedade, senón que o laboratorio é a propia sociedade, o hospital, a poboación que está sendo estudada con todas as súas variables (estrutura da poboación, culturas, valores, tipo de ocio, sistema sanitario...). Latour fala de “experimento colectivo” para referirse ao marco no que en realidade opera este coñecemento, un experimento que inclúe a actores humanos e non humanos.

Todo isto obríganos a redefinir e cambiar a nosa percepción do papel dos expertos, de cidadáns e representantes políticos na toma de decisións nas situacións de risco e situar neste novo marco a espiñenta cuestión da responsabilidade. A autoría e, en consecuencia, a responsabilidade parecería nun principio esvaecerse se aceptamos que a certeza e o control total non son posibles, e as decisións non teñen unha clara e única adscrición. O brillante sociólogo alemán Ulrich Beck, introdutor do significativo concepto de *sociedade de risco* formulou tamén o concepto de *irresponsabilidade organizada*. Efectivamente, unha colectivización da responsabilidade ou a súa inmersión na complexidade pode levarnos a unha sensación xeneralizada de inculpabilidade. Pero se o entendemos ben, veremos que a complexidade causal e o seu distanciamento no tempo, a implicación ramificada de actores de distinto tipo e nivel pode conducirnos tamén a unha máis refinada captación da responsabilidade. Así, esta fórmula da “irresponsabilidade organizada” pode tamén sensibilizarnos respecto do risco que asumimos como sociedade cando se opta por determinadas políticas previas á crise, e operar como medio de detección das consecuencias de desenvolver un tipo de economía de débil incremento de valor engadido, de reducir orzamentos en investigación, educación ou sanidade; en fin, pode servir para preguntarnos se é posible facer fronte a situacións de crise con Estados minimizados e institucións debilitadas.

Non se trata, segundo todo o anterior, de poñer en cuestión o valor do saber científico. Polo contrario, este é máis imprescindible ca nunca. Se non se pode dar por máis tempo aceptada a concepción da ciencia froito da revolución da astronomía e a física do século dezasete, pódese

dicir que se nos formula a necesidade dun novo contrato entre ciencia e sociedade toda vez que os ámbitos que se consideraban separados, por un lado a natureza e a súa xestión polo saber técnico, e, por outro, a sociedade como ámbito da política, precisan agora de co-implicación e cooperación. Non estamos, logo, diante dun panorama dilemático de ciencia ou negacionismo, verdade única ou “todo vale”, tecnocracia ou populismo. Só unha idea equivocada acerca da ciencia e a política, leva a que cando se nos informa de cal é a verdadeira situación do noso mellor coñecemento, que segue a ser, sen a menor dúbida, o científico, un se suma no desencanto de tal maneira que crea entón que todo suposto saber ten a mesma pertinencia. É a desesperación de quen cría en absolutos, e resulta incapaz de asumir a morte dos vellos Deuses. Trátase, por tanto, de comprender mellor o papel dos saberes científicos e o lugar da política en relación cun novo concepto de responsabilidade.

Jorge Álvarez Yágüez (filósofo)

Carmela García González (bióloga).

Guión-cuestionario de lectura:

1. Cal é o tema xeral que aborda este texto xornalístico?, cal é a noticia de actualidade no que se enmarca?, cal é a discusión de fondo?, a que conclusión chegan a bióloga e o filósofo?
2. En relación ao asunto do texto, cal sería a postura de Platón?, e a de Aristóteles?, con que argumentos a defenden?, con cal dos dous filósofos gregos anteriormente mencionados estarían de acordo a autora e o autor?, por que?
3. Cal é o modelo hexemónico ou dominante de relación entre ciencia e política?, que papel asigna ao científico?, cal sería o rol do responsable político?, Álvarez Yágüez e García González, apoian este modelo dominante? , segundo os autores, as decisións políticas son meramente técnicas?, que modelo alternativo de relación entre ciencia e política propón o artigo?
4. Como son descritas as sociedades actuais no artigo?, que tipo de ciencia require esta sociedade?, que clase de ciencia sería inadecuada para as sociedades de hoxe en día, en opinión da bióloga e do filósofo?, por que motivo?
5. Valoración crítica persoal, expresando o acordo ou o desacordo coas teses defendidas no artigo de prensa.